

CONTRATACIÓN DE MONITORES OCIO E TEMPO LIBRE LUDOTECA VERÁN 2018 – CAMPAMENTO INVERNADOIRO	
08/06/2018	Ultimo día para aportar documentación para baremar.
12/06/2018	Listado de admitidos e excluídos.
13/06/2018	Reclamación ao listado de admitidos e excluídos
14/06/2018	Listado provisional
15/06/2018	Reclamación ao listado provisional
20/06/2018	Listado definitivo

Presentarase unha única solicitude e as prazas outorgaranse segundo o posto que ocupe cada candidato tras o proceso de selección.

Os postos 1º a 8º serán contratados como Monitor Ludoteca Verán

Duración do contrato: 25/06/2018 até o 15/09/2018

Posto 1º e 2º: parcial - 6 horas/día

Posto 3º a 8º: parcial - 4 horas/día

Os postos 9º a 11º serán contratados como Monitor Campamento Invernadoiro

Duración do contrato: 20/08/2018 até o 31/08/2018

Xornada Completa - estancia en Campamento

O posto 12º será contratado como Monitor Campamento Invernadoiro

Duración do contrato: 20/08/2018 até o 26/08/2018

Xornada Completa - estancia en Campamento

Se algún candidato únicamente desexa ser contratado como Monitor Ludoteca ou Monitor Campamento (nun único posto e non participar nos dous) deberá indicar esta circunstancia na solicitude; en caso contrario as prazas ofertaranse segundo o posto que ocupen tras a baremación, non podendo, posteriormente, elixir entre os postos.

1.- Documentación mínima que teñen que aportar para participar no proceso de selección:

Fotocopia do DNI

Declaración de veracidade e certificado negativo do rexistro central de delincuentes sexuais

Titulación mínima exigida: Bachiller superior ou equivalente

Curso de monitor de ocio e tempo libre ou curso de dinamizador de actividades de tempo libre (educativo, infantil e xuvenil) 310 horas (requisito non puntuable)

Curso de primeiros auxilios ou curso de soporte vital básico (requisito non puntuable)

2.- Documentación que poden aportar para acadar méritos:

Experiencia profesional:

1.- Por servizos prestados en calquera administración pública na mesma categoría a que se pretende acceder: 0,25 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

2.- Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes. (Informe de vida laboral e copias cotexadas dos contratos de traballo).

Minusvalidez do solicitante compatible co posto de traballo, igual ou superior ao 33% (1 punto)que se acreditará mediante certificado de grado de minusvalidez emitido pola Área de Servizos Sociais da Delegación Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais.

Cursos de formación ou perfeccionamento realizado con aproveitamento impartido polas Administracións Públicas, universidades, INEM, Fundación tripartita para formación ou sindicatos, e relacionado coas funcións propias da categoría:(máximo 3 puntos)

De 40 a 100 horas	0,10 puntos/curso
De 101 a 300 horas	0,40 puntos/curso
De 301 a 500 horas	0,60 puntos/curso
De 501 horas en adiante	1,00 puntos/curso

Titulación académica distinta a solicitada como requisito imprescindible para o acceso (só se computará a titulación de máis nivel das alegadas):

Título de doutor/a	1,75 puntos
Título de licenciado/a, arquitecto/a, enxeñeiro	1,50 puntos
Título de enxeñeiro/a, técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a	1,25 puntos
Título de COU, Título de técnico especialista obtido en FP de 2º grado, Título de Bacharelato actual, Ciclo formativo de grado superior ou equivalente	0,75 puntos
Graduado en secundaria, 2º BUP superado, Título de técnico auxiliar obtido en 2º ano de FP de 1º grado, ciclo formativo de grado medio ou equivalente	0,50 puntos
Graduado escolar, 2º da ESO superado	0,25 puntos

Coñecemento acreditado do idioma galego acreditado polos cursos e titulacions homologadas pola Xunta de Galiza.(só se valorará o grado superior alegado)

Iniciación	0,50 puntos
Perfeccionamento	0,75 puntos
Especialización	1,00 puntos